



ACTUACIÓNS A SEGUIR EN CASO DE ACCIDENTE DE TRABALLO

1. QUE É UN ACCIDENTE LABORAL?

Considérase accidente laboral toda lesión corporal que o traballador ou traballadora sufra con ocasión ou como consecuencia do traballo.

Tamén teñen a consideración de accidentes de traballo os relacionados no artigo 156 do Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

O accidente in itinere recóllese unicamente na Lei xeral da Seguridade Social, pero non así na Lei de Clases Pasivas, polo que os funcionarios adscritos a este réxime non quedan baixo o ámbito de aplicación daquela.

2. QUE FACER EN CASO DE ACCIDENTE LABORAL?

2.1 PERSOAL DO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL

No caso do persoal interino da Administración de xustiza con réxime xeral de cotización á Seguridade Social e do persoal funcionario con cotización ao réxime xeral da Seguridade Social, deberá solicitar o talón de solicitude de asistencia ao servizo de Xustiza da xefatura territorial para presentalo no centro asistencial da MUTUA GALEGA.

Pódese consultar a listaxe de centros asistenciais en <http://www.mutuagallega.es/gl/32/127/su/red-de-centros>.

Se pola gravidade do accidente non hai tempo de facer o parte de asistencia, deberá acudir sempre á Mutua e realizar despois o resto dos trámites.





A persoa accidentada será atendida no centro asistencial da Mutua Galega. Unha vez que reciba asistencia médica, obterá un parte no que se indicará se procede a baixa médica ou non:

- De se tratar dun parte de asistencia sanitaria sen baixa, a persoa accidentada deberá incorporarse ao traballo e entregar o parte de asistencia sanitaria no servizo de Xustiza da correspondente xefatura territorial.
- De se tratar dun parte médico con baixa, a persoa accidentada deberá entregar o parte no servizo de Xustiza da correspondente xefatura territorial. Cando sexa dada de alta, deberá entregar o parte médico de alta no servizo de Xustiza e incorporarse ao traballo.

O servizo de Xustiza, o máis axiña posible, comunicarlle o accidente de traballo por correo electrónico á Subdirección Xeral de Persoal da Administración de Xustiza, e esta, á súa vez, ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

2.2 PERSOAL DO RÉXIME ESPECIAL DA MUTUALIDADE XERAL XUDICIAL (MUXEXU)

O resto de persoal funcionario da Administración de xustiza deberá dirixirse aos centros establecidos no cadro médico que lle corresponda segundo a súa entidade asistencial (Asisa, Adeslas, Sanitas, SS...) e informar, ao ser atendido, da causa da lesión: accidente de traballo.

A persoa accidentada será atendida no centro correspondente da súa entidade asistencial, e unha vez que reciba asistencia médica obterá, segundo o caso:

- Un informe de asistencia sanitaria sen baixa: neste suposto, a persoa accidentada deberá incorporarse ao traballo e comunicarlle ao servizo de Xustiza da correspondente xefatura territorial o accidente laboral sufrido.



- Un parte médico con baixa (estenderase no parte da Muxexu, que o funcionario achegará): neste suposto, a persoa accidentada deberá entregar o parte no servizo de Xustiza da correspondente xefatura territorial. Cando sexa dada de alta, deberá entregar o parte médico de alta no servizo de Xustiza e incorporarse ao traballo.

O servizo de Xustiza, o máis axiña posible, comunicarlle o accidente de traballo por correo electrónico á Subdirección Xeral de Persoal da Administración de Xustiza, e esta, á súa vez, ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais.